

UNHA ASOCIACIÓN PARA OS DIVULGADORES DA CIENCIA E A TECNOLOXÍA

**VICENTE GARCÍA, MANUEL
VEIGA ALONSO, XOSÉ DOSITEO**
*Asociación Galega de Comunicación de Cultura
Científica e Tecnolóxica (www.divulgacion.org)*

En Galicia contamos cunha importante masa crítica de divulgadores da ciencia e a tecnoloxía. En 2011 creouse unha asociación na que teñen cabida máis dun cento de divulgadores cun perfil moi variado: desde investigadores ata profesionais dos medios de comunicación pasando por profesores de secundaria ou actores científicos. Nesta comunicación presentaremos Divulgación e reflexionaremos sobre os mellores métodos para transmitir cultura científica á cidadanía. Tamén presentaremos o programa “Divulga na Escola” pensado para poñer en contacto os divulgadores cos centros de ensino galegos.